

# MEMORIA DE PROXECTO

Tendo en conta a situación socio-sanitaria na que nos atopamos aínda inmersos, plantexamos unha serie de traballos que poden ser realizados sen risco para os participantes. Procuramos apoiar ao mundo da cultura, un dos máis afectados ao longo desta crise sanitaria e económica.

A totalidade do proxecto xira arredor da promoción e divulgación do mundo da literatura, do intento de captación de novos públicos para as letras galegas e tamén da posta en valor da importancia das salas de cine como patrimonio histórico. Centrarase no desenvolvemento de catro actividades (A Rosa incandescente, Os incurábeis, Adriano e o programa radiofónico "Club de lectura") que pasamos a explicar de xeito detallado individualmente.

## A ROSA INCANDESCENTE

A Rosa incandescente é un proxecto cultural ambicioso arredor da importancia da figura e da obra de Rosalía de Castro. O equipo que forma parte do proxecto ten un perfil variado que vai desde a dedicación profesional audiovisual ata a creación artística e o exercicio docente.

Desde o noso ámbito profesional e de intereses culturais, comprobamos día a día a enorme potencia da figura de Rosalía de Castro e a facilidade coa que os novos lectores conectan coa súa mensaxe. De aí, desa experiencia e interese previo, partiu a idea de mudar a perspectiva coa que se "conta" a Rosalía e deixar que sexa a propia Rosalía a que fale de si mesma a través dos seus textos.

## Relación enumerada e detallada das actividades que se van desenvolver

Consta de varias iniciativas para difundir unha perspectiva renovada da vida e obra da autora que favorezan a reflexión acerca do significado e importancia do seu legado:

1. Creación dun perfil en diferentes redes sociais onde se vaia narrando a evolución do proxecto e se poidan compartir materiais e informacións do ámbito da creación e dos estudos rosalianos.
2. Realización dunha curtametraxe duns 20 minutos de duración aproximadamente onde será a propia Rosalía a que se presente a si mesma.
3. Posta en práctica dunha unidade didáctica que, partindo do material audiovisual anterior, ofrezca unha exposición xeral acerca do tema e propoña diferentes actividades nas que se xogue coa análise da linguaxe cinematográfica e literaria e a comparación dos recursos que ambas utilizan.

# MEMORIA DE PROXECTO

## Calendario de actividades

En primeiro lugar, a creación dun perfil en distintas redes sociais (Facebook, Twitter, Instagram) que comezaría a funcionar nos primeiros meses de 2021 -xaneiro, febreiro, marzo- tan pronto como comecen as actividades de acondicionamento das localizacións cinematográficas, a selección do *atrezzo*, e a posta en marcha dos medios técnicos e artísticos necesarios, así como un resumo da documentación necesaria sobre a época, os personaxes e os textos incluídos.

En segundo lugar, o inicio de rodaxe da curtametraxe está previsto para o inicio do segundo trimestre de 2021 e estenderíase ata o terceiro trimestre. A medida que vaia avanzando a rodaxe iranse presentando documentos gráficos nas redes sociais amosando a evolución do traballo e tratando de crear vínculos co público.

Por último, a unidade didáctica, que se atopa xa en elaboración, prevese que sexa completada co material visual da rodaxe. Ademais, as actividades propostas farán referencia explícita a escenas concretas. A unidade didáctica podería distribuírse acompañada dun CD coa curtametraxe, escenas de *play off* e outros materiais de interese. Podería estar xa impreso no derradeiro trimestre de 2021 (nos meses de novembro e decembro).

## Obxectivos que se perseguen

1. Achegar a figura de Rosalía de Castro aos estudantes.
2. Dar a coñecer a obra de Rosalía de Castro.
3. Fomentar a lectura da obra de Rosalía de Castro entre as novas xeracións.
4. Contribuír á divulgación dos valores cívicos e éticos presentes na obra de Rosalía de Castro, especialmente aqueles que teñen que ver coa igualdade entre homes e mulleres na sociedade a todos os niveis.
5. Promover a análise contrastiva entre a Galicia da época de Rosalía de Castro e a Galicia actual.
6. Demostrar a potencialidade das artes literaria e cinematográfica para recrear o mundo e transmitir o pensamento.
7. Explicar os procesos de transformación dunha linguaxe literaria nunha linguaxe cinematográfica.
8. Suscitar o interese e o aprecio polas paisaxes e a arquitectura tradicional de Galicia.
9. Promover a valoración da lingua galega como medio de expresión cultural e favorecer a identificación con ela como parte da nosa maneira de ser no mundo.
10. Presentar a literatura galega como unha fonte de coñecemento humano, histórico e social.

# MEMORIA DE PROXECTO

## Destinatarios e impacto sociocultural e comunitario

O proxecto está destinado a un público amplo, amante do cine, da literatura e interesados na cultura galega. Trátase dun proxecto divulgativo con vontade de chegar ao maior número de persoas posible, o cal será viable grazas ao papel que esperamos acaden as redes sociais na súa promoción.

Ao mesmo tempo, o proxecto está pensado para ser utilizado con fins pedagóxicos, de aí a decisión de completar a curtametraxe cunha completa unidade didáctica que poida ser empregada nas futuras presentacións en centros educativos.

A nosa idea é presentar a curtametraxe a festivais e certames cinematográficos. Crear un produto audiovisual sobre unha figura chave da cultura galega, rodade integramente en galego e recomendábel para a súa proxección en calquera lugar do mundo en que haxa interese pola figura de Rosalía de Castro, a súa obra e a cultura galega en xeral.

## PROGRAMA RADIOFÓNICO "CLUB DE LECTURA"

Trátase de dar continuidade a un espazo radiofónico creado con anterioridade que procura promover o hábito da lectura, ao mesmo tempo que dar a coñecer obras e autores galegos. O obxectivo é continuar desenvolvendo un espazo semanal onde podamos coñecer distintos libros mediante unha conversa co/a autor/a do mesmo. O formato da conversa distendida entre persoas lectoras e a autora do volume tense demostrado como unha ferramenta acaída para divulgar a obra literaria e gañar novos públicos lectores.

A través desta sección, queremos fomentar o interese por distintos formatos e xéneros literarios, potenciando e promocionando a traxectoria de autores/as autóctonos. Ao mesmo tempo, búscase dar un espazo á literatura escrita en galego para situala nun primeiro plano.

Editoriais, escritoras e escritores e público en xeral teñen manifestado o seu agrado cun programa que ten como único centro ao libro galego.

# MEMORIA DE PROXECTO

## Relación enumerada e detallada das actividades que se van desenvolver

1. Realizaranse un total de 55 clubs de lectura ao longo do ano, un por semana. Nel, un grupo variado de xente terá a oportunidade de entrevistar e comentar co/a autor/a dunha obra literaria a mesma.
2. As gravacións das entrevistas serán emitidas nas emisoras municipais da provincia da Coruña e posteriormente penduradas na web radiofusion.gal para que calquera persoa interesada nas mesmas poda ter acceso a elas.
3. Unha vez accesíbeis, farase unha publicación nas redes sociais de Twitter, Instagram e Facebook (@radiofusione, @radiofene e A Fenestra de Radio Fene) para promocionala e chegar a máis xente.

## Calendario de actividades

O proxecto xa se atopa en marcha e conta cun podcast semanal dispoñíbel na páxina web de radiofusion.gal despois da súa emisión nas radios públicas locais. Mantense ao longo de todo o ano sen variacións en tanto á periodicidade do mesmo.

Os membros do club de lectura dispoñen dunha semana aproximadamente para ler o libro seleccionado e plantexar as súas dúbidas, opinións ou comentarios que serán formulados ao escritor/a durante a conversa. As entrevistas grávanse con anterioridade (non en directo) para ter a seguridade de que esta estabilidade semanal pode manterse inclusive nos meses de verán.

## Obxectivos que se perseguen

O obxectivo principal é o de promocionar e divulgar o mundo da literatura, partindo de aí podemos sinalar outros relacionados.

1. Dar a coñecer novos/as autores/as da contorna.
2. Achegar a literatura a distintos grupos sociais mediante a súa colaboración nas entrevistas.
3. Promocionar distintos formatos literarios (poesía, novela gráfica, fanzine...) máis alá do narrativo.
4. Crear un contido de interese para os amantes da lectura no que poidan participar activamente se o desexan.
5. Promocionar a lectura en lingua galega.
6. Aproveitar a capacidade de suxerencia e de incentivar a imaxinación da radio para propiciar o achegamento dos libros.

# MEMORIA DE PROXECTO

## Destinatarios e impacto sociocultural e comunitario

Esta actividade está destinada a un público amplo e variado, nomeadamente a aqueles que teñan interese pola lectura e dispoñan de media hora á semana para adicar á escoita da entrevista. Os integrantes do proxecto serán colaboradores variados (4 por semana e o/a escritor/a), para lograr certa simultaneidade á hora de gravar as entrevistas e chegar así a máis xente. Aqueles que o desexen poderán participar máis dunha vez.

Calquera con acceso a internet poderá desfrutar das entrevistas e realizar comentarios na páxina web onde serán penduradas. Ademais, para tratar de lograr certo *engaging* anunciaremos nas redes sociais o libro que se comentará a semana próxima. Dese xeito, aqueles que desexen lelo con anterioridade poderán facelo.

Un dos obxectivos para mellorar a promoción deste espazo é crear un perfil de TikTok para chegar a un público máis novo, que non está tan afeito a escoitar radio.

## OS INCURÁBEIS

Este proxecto nace con diversas finalidades. Ten, en primeiro lugar, unha ambición cultural e artística, pois se trata dun traballo eminentemente creativo, onde se mesturan disciplinas e actividades relacionadas coa literatura, a radio, as artes escénicas, a música e o vídeo, nunha concepción multimedia que constitúe un reflexo do carácter híbrido actual, dada a rede intermedial que configura as ficcións contemporáneas e a heteroxeneidade dos seus consumidores.

O punto de partida sobre o que se sustenta esta proposta é unha novela, *Os incurábeis*, publicada por Edicións Xerais de Galicia en outubro de 2020, que supón a terceira entrega dunha pentaloXía da que forman parte, ademais desta, dúas novelas xa publicadas, *A antesala luminosa* (Xerais, 2015) e *Un home estraño*, VI Premio Internacional de Narración Curta Cidade Centenaria de Ribeira (Xerais, 2018), e outras dúas pendentes de publicación, *Cal lobos doentes*, prevista para publicarse na mesma editorial en 2022, e *A matriarca*, aínda en proceso de escritura e sen data de publicación comprometida. Trátase, en definitiva, dunha serie de cinco novelas, ambientadas todas elas, case en exclusiva, no marco xeográfico da Coruña, no ámbito tanto urbano como rural.

# MEMORIA DE PROXECTO

Reivindicamos o espazo da cidade herculina, xa imbricado totalmente na cultura galega; en especial, esa parte do territorio onde as terras se chaman do Mandeo e das Mariñas coruñesas, declaradas pola Unesco Reserva da Biosfera, porque moitos dos dezasete concellos que as conforman (a mesma Coruña, Betanzos, Irixoa, Coirós, Aranga, San Epitafio na ficción) aparecen nesta serie de novelas, que teñen como protagonista principal ao policía Xosé Sánchez Pereiro.

As obras pretenden abordar, en clave de xénero negro e dende diversas perspectivas, temáticas sociais, como poden ser a corrupción ou a impunidade, tan propias deste xénero, e outros asuntos da sociedade actual igual de áridos, como por exemplo, a explotación da muller, a violencia machista, a prostitución, a dexeneración medioambiental, a eutanasia, a euxeñese, a pederastia ou o problema da enfermidade mental, omnipresente en todas e cada unha das cinco novelas. Esta doenza é un tema pouco tratado non só na literatura galega senón en calquera outra narrativa do noso entorno. Aspiramos a abordalo dunha forma rigorosa, ás veces con connotacións autobiográficas e sempre en clave de xénero.

Un xénero este, o denominado negro ou policial, que nestes momentos é o máis lido e demandado por toda clase de públicos e na maioría dos países se materializa en éxito rotundos, xa sistematizados en termos académicos coas denominacións de *thriller* relixioso, novela negra e narcoficción, e que se ambientan en tres espazos xeográficos ben definidos: Compostela, Vigo e as Rías Baixas. Chama a atención especialmente o caso da cidade da oliveira, revalorizada xeográfica, turística, literaria e culturalmente a partir do éxito da denominada "novela negra viguesa". Un fenómeno que se algo pon de manifesto é que estes libros conseguiron un considerable éxito, contribuíndo, ademais, á popularización da narrativa de entretemento e suspense, á creba da rixidez entre alta e baixa cultura, á normalización do sistema editorial galego a través da incorporación e fidelización de novos lectores e lectores novos.

A novela negra logra así mesmo dinamizar os clubs de lectura e favorece a creación de exitosos roteiros literarios. Nelas, ponse en valor o territorio local, concibindo e fomentando un auténtico turismo sociocultural. Non hai máis que ver o interese que espertan os lugares, paisaxes, rúas, tabernas ou monumentos que aparecen en moitas destas obras, como sucede, por exemplo, coa triloxía do Baztán, de Dolores Redondo. Un fenómeno este, o da dinamización sociocultural do territorio máis próximo con técnicas narrativas, que non se da na literatura da Coruña actual escrita en galego. Algúns editores e críticos literarios ([Manuel Bragado](#), [Francisco Martínez Bouzas](#)) e outros autores e autoras como Xosé Manuel Eyré, Armando Requeixo, Montse Pena, Pilar Ponte, Mario Regueira ou Ramón Nicolás, que se poden consultar no blog de [Xerais](#), xa destacan nas súas recensións o "arraigo no territorio da Coruña" nas tres novelas publicadas ata agora por Antonio Tizón. Unha ferramenta de utilidade para atraer novos públicos para a literatura galega.

# MEMORIA DE PROXECTO

## OS INCURÁBEIS

A última das novelas deste escritor coruñés, *Os incurábeis*, é a que presentamos como proxecto de podcast ou serial radiofónico para emitir en Radiofusión, rede de emisoras locais da provincia da Coruña, despois de lanzar as súas dúas anteriores nesta mesma emisora e neste mesmo formato, un formato inédito na historia da narrativa galega.

Nesta ocasión, pretendemos realizar a nosa proposta con maiores garantías de calidade e repercusión, partindo dun considerábel aumento orzamentario, ampliando a contratación de actores e actrices e elevando o nivel profesional de todo o equipo técnico e artístico. Un proxecto este, como harmonización transmedia, impresa, literaria, teatral, musical e audiovisual, pouco habitual en calquera lingua e totalmente inédita nunha minoritaria e minorizada, como é a galega, que reivindicamos como o noso patrimonio máis transcendente, pois é o símbolo máis importante que nos peculiariza, unha lingua que utilizamos sempre dunha forma inclusiva, non sexista, pero sen atender nunca contra a súa natureza nin eficacia comunicativas, seguindo, en todo caso, as concepcións do paradigma da ecoloxía lingüística, algún de cuxos elementos básicos son o valor universal das linguas e culturas locais, a lingua propia como base da calidade de vida e do benestar e a xestión lingüística en todos os ámbitos, escalas e niveis.

Este proxecto, o podcast de *Os incurábeis. O caso de Paloma Bieito Moreira*, que pretendemos exportar a emisoras de fóra de Galicia, como xa fixemos co traballo anterior, *Un home extraño. O caso de Manuel Ferro*, co que chegamos a un acordo para a súa emisión na Radio Metropolitana do Porto (Portugal) e no programa de radio *Os contrabandistas* de Río de Janeiro (Brasil).

## Actividades a realizar

- Guión de Antonio Tizón do podcast *Os incurábeis*, a partir da novela do mesmo título.
- Ensaio, gravación e emisión do podcast a través de Radiofusión mediante un equipo técnico e artístico de alto nivel profesional dirixido por Eugenia Sanmartín.
- Elaboración dun breve *trailer* audiovisual do podcast para emitir en emisoras de radio e pendurar nas redes dixitais, como xa fixemos no caso de *Un home extraño*, que se pode ver e oír nos seguintes enlaces de [Youtube](#) e [Radiofusión](#).
- Elaboración de comunicados de prensa para enviar a medios de comunicación e entidades sociais e culturais durante todo o proceso de preproducción, produción, estrea e emisión do podcast ou serial radiofónico.
- Negociación con diversas emisoras de radio para exportar o produto a través de acordos de comercialización conxunta, seguindo o modelo do podcast *Un home extraño*, que conseguimos difundir en emisoras portuguesas e brasileiras.
- Tradución dos podcast, tanto dos xa realizados como dos pendentos de realización e de todas as novelas da serie, co obxectivo de que, unha vez rematada, publícalas e difúndalas en outras linguas para ampliar públicos e audiencias.

# MEMORIA DE PROXECTO

## Actividades a realizar

- Participación no programa Club de Lectura de Radiofusión. Colaboración con outros Clubs de Lectura que organizan as bibliotecas municipais, as dependentes da Xunta e da Deputación da Coruña, así como en outros actos deste tipo organizados por librarías e entidades sociais e culturais.
- Participación en roteiros literarios, planificados polos propios Clubs de Lectura, os Concellos implicados ou entidades como a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), para coñecer os lugares que aparecen nesta e nas outras novelas da serie co obxectivo de conseguir o mellor coñecemento do entorno e a dinamización do territorio sociocultural coruñés.
- Presentación conxunta do podcast e da novela, en condicións sanitarias seguras e na medida en que o permita a evolución da pandemia, nos lugares habituais neste tipo de actos, como poden ser as librarías pero tamén noutros sitios moi relacionados cos marcos de referencia da novela, como por exemplo, restaurantes, sedes de asociacións culturais e sociais e relacionadas coa saúde mental ou escenarios monumentais emblemáticos da cidade da Coruña e do barrio dos Castros, onde se desenvolve a maior parte desta obra.
- Realización destas presentacións conxuntas noutros lugares de Galicia, se a evolución da pandemia o permite, e/ou gravar un acto de presentación, o máis emblemático e representativo que se celebre no marco xeográfico coruñés, o seu hábitat natural, e subilo ás redes para que se poida contemplar en calquera lugar e a conveniencia de cada quen, como se de un podcast se tratase.

## Calendario e temporalización das actividades

- Elaboración do guión radiofónico durante os meses de febreiro e marzo.
- Ensaio e gravación do podcast durante os meses de abril, maio, xuño e xullo.
- A emisión do podcast será en xuño e continuará emitíndose en xullo, setembro, outubro, novembro e decembro (evitando o mes de agosto por ser no que menos atención presta a audiencia á radio).

En total gravaranse e emitiranse 132 episodios de 10 minutos de duración cada un.



# MEMORIA DE PROXECTO

## Obxectivos

Os dous obxectivos fundamentais deste proxecto son:

- Enmarcar este proxecto non na simple realización dun traballo solto e illado senón nun programa cultural de actividades continuadas que comparten temáticas e formas coherentes de abordalas; neste caso, tal como xa se explicou, elaborando un podcast, que complementa outros anteriores e quizais tamén posteriores, a partir dunha novela que se pode ler dunha maneira independente, porque ten sentido en si mesma, pero que cobra maior transcendencia se se concibe como unha mostra dunha pentalexía, un proxecto moito máis amplo e ambicioso no ámbito literario que agora pretendemos desenvolver cunha concepción multimedia que constitúe un reflexo do carácter híbrido da cultura actual.
- Colocar a cidade da Coruña, xa imbricada na cultura galega, agora tamén no mapa da novela negra. Este xénero xa conseguiu o éxito e está agora en pleno apoxeo en espazos galegos semellantes ao noso, como Compostela ou Vigo, e en outras ambientacións xa nacionais e internacionais, como poden ser Madrid, Barcelona e outras cidades nórdicas ou francesas, que xa sistematizaron en denominacións académicas como o “polar francés”, o “modelo sueco”, o “thriller compostelán” ou a “novela negra viguesa”. Queremos contribuír á dignificación da narrativa do entretemento, aderezada coa radiografía histórica e social, la creba da rixidez entre alta e baixa cultura, a incorporación e fidelización de novos lectores e lectores novos, que agardan con avidez a aparición das novas entregas dos seus seriais preferidos, un fenómeno que se caracteriza tamén pola dinamización sociocultural do territorio. Interésanos destacar este aspecto especialmente, porque está moi relacionado cun dos obxectivos básicos deste proxecto, a materialización do noso marco xeográfico, tanto o urbano como o rural, como escenario axeitado para desenvolver con éxito un determinado tipo de narrativa: a novela negra localizada na Coruña e feita en galego, coa que pretendemos contribuír a asentar e difundir a través deste formato inédito na novelística galega, o podcast ou serial radiofónico, mediante a súa emisión en Radiofusión.

## Destinatarios e impacto sociocultural e comunitario

O proxecto está destinado a un público amplo, xa que pretende ser un formato que poda exportarse a outros lugares. Do mesmo xeito, pretendemos chegar aos amantes da lectura e da radio e descubrirlles tamén novos espazos do seu arredor que poden ter pasado por alto ao mesmo tempo que desfrutan dunha historia de misterio.

Polo espazo no que se sitúa a historia, esperamos chegar, especialmente á poboación da provincia da Coruña.

# MEMORIA DE PROXECTO

## DOCUMENTAL SOBRE O CINE ADRIANO

A película documental “Adriano” quere amosar a historia dun cinema, dos últimos que quedan en pe, e destacar a relevancia que tivo esta sala e o propio cinema dende os anos 40 aos 70 do século XX. No documental queremos poñer de relevo a súa arquitectura “indiana”, a importancia do cine como arma cultural nesas décadas, e a memoria que garda a xente desta sala.

Para iso pretendemos condensar, en poucos minutos (20 aprox) a peripecia do Adriano. Imos facer que falen persoas relacionadas con el dalgunha maneira; os familiares do fundador, herdeiros do inmoible; a veciñanza estreitamente ligada a el. O fillo do arquitecto que o construiu, tamén arquitecto, e persoas que viviron no seu interior, pois o inmoible incluía dúas vivendas. E tamén damos a palabra a unha representación da asociación “Patio de butacas” que traballa para salvalo.

O proxecto ten viabilidade porque so traballaremos en dous escenarios: A casa da maleta e o cine Adriano, ubicados a 100 metros un de outro. A accesibilidade aos dous edificios é doada e contaríamos coa total colaboración dos propietarios. Tamén temos coñecemento e acceso a todas as testemuñas que imos precisar.

## Actividades a realizar

- Gravación de entrevistas con persoas relacionadas co cine Adriano.
- Gravación de exteriores e imaxes de recurso para a montaxe.
- Posproducción e montaxe do documental.
- Distribución do documental de xeito online e offline, priorizando a súa proxección sempre que as condicións sanitarias o permitan chegado o momento.

## Calendario e temporalización

- Gravación da peza durante os meses de xullo e agosto.
- Posproducción e montaxe durante setembro e outubro.
- Distribución e promoción durante novembro e decembro.

# MEMORIA DE PROXECTO

## Obxectivos

- O proxecto quere ser unha homenaxe aos emigrantes que, como a familia Fernández de Barallobre (Fene) devolveron a experiencia acadada alén mar, e os seus aforros, no desenvolvemento do seu pobo. O cine Adriano é un exemplo desa xenerosidade. Acotamos a historia en dous únicos escenarios, a Casa da maleta e o propio cine Adriano. A primeira é a casa familiar da familia propietaria da sala.
- A sala ubícase en Barallobre (Fene) pero podería ser noutro lugar e estar nas mesmas circunstancias. É o último cine que sigue en pé no concello de Fene e queremos contribuir a que siga así. Leva pechado máis de corenta anos e de seguir así o seu fin será inminente. Con esta curtametraxe documental queremos contar a súa traxectoria, apelar á memoria da veciñanza estreitamente unida a el e rescatar as historias que nel se viviron a través de testemuñas familiares, traballadores do Adriano ou espectadores.
- No documental queremos destacar a súa arquitectura froito da emigración e dun indiano, Antonio Fernández Fernández; a importancia do cine como arma cultural nesas décadas, e a memoria que garda a xente dese xigante de cemento.
- Destacar a singularidade deste tipo de salas de exhibición e como se vía o cine nesa época. Tamén reflexar a loita actual dun grupo de persoas para que o Adriano non acabe sendo irrecuperable.
- Tentaremos resaltar a beleza do edificio, tanto no exterior como no interior, con diferentes planos e imaxes do xeral e do concreto, así como da casa familiar, un gran exemplo da arquitectura indiana da zona. Para iso recopilaremos toda a información disponible sobre a súa construción.

## Destinatarios e impacto sociocultural e comunitario

Este documental está destinado especialmente á xente da contorna de Ferrolterra e da provincia da Coruña que poida ter interese por descubrir un anaco da súa historia. Ao tratarse dunha peza curta, pensamos que pode ser asequible para un público diverso e de idades variadas.

O impacto máis importante que esperamos xerar é manter viva a historia do edificio e conseguir que un maior número de xente se interese polas actividades que se desenvolven no mesmo.

# MEMORIA DE PROXECTO

## Aspectos técnicos sobre o proxecto

Contamos para a rodaxe de Adriano cunha única cámara. Queremos tirar con ela a maior expresividade dos detalles arquitectónicos así como das personaxes que desfilarán diante dela. Dispoñemos da iluminación adecuada, tendo en conta que a maior parte da rodaxe se fará en interiores.

Está elexida a música a utilizar. Trátase dunha peza dun grupo local gravada no interior do cine en 2015 e cedida polos autores. A peza está pensada para utilizar mentres saen os créditos, tanto ao principio como ao final da película. O guión discurre entre as imaxes da casa e do cine, intercaladas de entrevistas en diferentes escenarios. Súmanse a isto voces en off de protagonistas xa desaparecidos e dos que temos gravacións de arquivo. Utilizaremos imaxes, cedidas pola Asociación Patio de Butacas, de diferentes iniciativas culturais realizadas co fin de dar visibilidade ao cine. Cabe a posibilidade de gravar unhas vistas aéreas do edificio e a contorna.